



## **POR QUE CONVOCAMOS E CHAMAMOS A FOLGA**

**DE DÚAS HORAS OS DÍAS 9 E 30 DE MARZO  
E DE 4 HORAS O 25 DE ABRIL**

**O Dereito de Folga é un dereito constitucional (Art. 28.2) que temos tódolos traballadores/as e Telefónica despide a 10 compañeiros por ser membros dun Comité de Folga.**

Desde a CIG manifestamos desde o primeiro momento a través de propostas nos distintos comités provinciais, ós sindicatos da Coordinadora de Burgos e a través de varios comunicados que o C.I. debería, independentemente da afiliación dos afectados, liderar a loita para quitar estes despedimentos tomando tódalas medidas que considerase oportunas e coa máxima urxencia sen ceder a chantaxes da Empresa xa que ceder a estes hipotecaría o **dereito de folga PARA TODOS** no futuro.

Non vale nin dicir que os despedimentos non existen, nin tampouco que seremos solidarios despois do xuízo, as escusas debilítannos para o futuro a **todos** e fortalecen á Empresa para que vulnere aínda máis os nosos dereitos. Tampouco nos vale que se xogue o pimpón de quen o fai mellor e se esqueza o importante: **"10 compañeiros cunha carta de despedimento no peto desde hai sete meses"**.

***A SOLIDARIEDADE E UNIÓN DOS TRABALLADORES/AS É A NOSA PRINCIPAL  
FORZA PARA DEFENDERNOS***

***MOSTRA O TEU APOIO ANTES DO XUIZO DO 25 DE ABRIL***

***¡TODOS A FOLGA!***

***¡POLA LIBERDADE DO DEREITO DE FOLGA!***

***¡POLA RETIRADA DOS DESPEDIMENTOS  
SEN MÁIS CHANTAXES!***

Santiago, marzo de 2006

[www.cigtelefonica.com](http://www.cigtelefonica.com)